

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA PARA O EXERCICIO 2021

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Eladio Fernández Pérez, con DNI núm. 34242673C, que actúa en nome e representación da Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (en adiante, FADEMGA Plena inclusión Galicia), con NIF G36620037, en virtude da súa condición de Presidente dela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FADEMGA Plena inclusión Galicia figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-045, sendo a súa finalidade a de defender os intereses en Galicia das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias, así como fomentar a constitución de asociacións.

V. Que FADEMGA Plena inclusión Galicia ten como obxectivos, segundo os seus estatutos:

- a) Fomentar a constitución de asociacións en todos aqueles lugares onde non se cubra a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- b) Coordinar os obxectivos, actividades, recursos e posibilidades dos seus asociados na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, unificar criterios de acción e fomentar todo tipo de esforzos e actividades conxuntas.
- c) Representar aos seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e, en particular, coa Confederación Plena inclusión España.
- d) Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea o seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e obtendo a colaboración das Universidades galegas.
- e) Realizar campañas de divulgación e sensibilización ante a sociedade.



f) Velar polo bo nome e prestixio asociativo, denunciando publicamente aqueles casos que non cumpran na promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

g) Informar, aconsellar ou xestionar, todas aquelas cuestións que lle sometan ás asociacións interesadas.

h) Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, dada a súa importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FADEMGA Plena inclusión Galicia para contribuír ao financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de FADEMGA Plena inclusión Galicia para o exercicio 2021 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución de actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia a que FADEMGA Plena inclusión Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2021 .

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade FADEMGA Plena inclusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.



Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias, e o mantemento de FADEMGGA Plena inclusión Galicia, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do mantemento de FADEMGGA Plena inclusión Galicia, e das súas entidades asociadas, así como a realización de actividades a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2021, segundo o anexo II, e que se dividen en tres áreas:

- Área de atención as entidades: apoio, fortalecemento e promoción do movemento asociativo.
- Área de atención as familias.
- Área de atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Non serán obxecto de este convenio aquelas actividades específicas organizadas pola entidade FADEMGGA Plena Inclusión Galicia que non deriven do mantemento e funcionamento ordinario da propia entidade ou das entidades asociadas.

Daráselle especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada. No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA :Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei





9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- **Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

TERCEIRA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

CUARTA: Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver FADEMGA Plena Inclusión Galicia é de 2.489.444,91 euros.

Para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **dous millóns catrocentos sesenta e oito mil oitocentos catorce euros (2.468.814,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.22** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

QUINTA: Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola





entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

- Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio: deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Deberá de recollese na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.
- Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.
- Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actividades obxecto da subvención ou co mantemento de FADEMGA Plena inclusión Galicia, estes deberán ser moderados podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.
- Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non están incluídos no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes, conservación do equipamento, auditoría, prevención de riscos, asesoría, renting.....
- O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.



- Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA: Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

Efectuarase un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula novena do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha



outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os documentos correspondentes.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: Xustificación dos gastos

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación, daqueles dedicados á prestación de servizos obxecto do presente convenio. Para elo, utilizarase a ficha establecida no Anexo I.



- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
 - Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.
 - Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
 - Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultaría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.
 - Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.
- A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:
- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.



- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando “Subvencionado pola Consellería de Política Social” e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.
- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.
- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór á disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 20 de decembro de 2021. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao



cuarto trimestre, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2022.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os documentos correspondentes. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

NOVENA: Subcontratación

FADEMGA Plena inclusión Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución de actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia que FADEMGA Plena inclusión Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2021 .

FADEMGA Plena inclusión Galicia comunicará, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA: Obrigas da entidade

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:



- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.



- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada polo beneficiario se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflexasen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.



Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FADEMGA Plena inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO TERCEIRA: Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO CUARTA: Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de



estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación..

DÉCIMO QUINTA: Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes.



A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade actuando como secretario un membro do propio órgano, designado pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.





Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

O presidente de FADEMGA Plena
Inclusión Galicia

Fabiola García Martínez

Eladio Fernández Pérez



ANEXO I – FICHA RESUMO DOS GASTOS

Instrucións para cubrir a ficha

Nesta ficha preséntanse 3 táboas, solicitando a información anual e diferenciando por cada unha das oficinas da entidade (cubrir unha columna por oficina):

- Táboa 1. Usuarios. Solicítase o número de usuarios atendidos, así como o número de servizos prestados ós mesmos.
- Táboa 2. Persoal. Solicítase o número de persoal, categoría e custe do persoal, diferenciando por oficina e por persoal de estrutura e de servizos. O campo categoría deberase cubrir coa categoría referencia ó correspondente convenio colectivo de aplicación (p. ex. Psicólogo, traballador social, xefe de administración, etc.). No caso de persoal a tempo parcial, deberase indicar a imputación (p. ex. a media xornada indicárase como 0,5 persoas). O custe de persoal debe incluír o salario bruto e a seguridade social a cargo da entidade.
- Táboa 3. Custes. Solicítase os custes anuais por oficina, tipo de gasto e asignación do gasto a estrutura ou servizos.

TÁBOA 1. USUARIOS	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
Número medio de usuarios atendidos				
Número medio de servizos prestados				
TÁBOA 2. PERSOAL	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
PERSOAL DE ESTRUCTURA / XESTIÓN				
Número de persoal directivo				
Categorías do persoal directivo (según convenio)				
Custe do persoal directivo				
Número de persoal administrativo				
Categorías do persoal administrativo (según convenio)				
Custe do persoal administrativo				
Número de outro persoal de xestión				
Categorías do outro persoal de xestión (según convenio)				
Custe de outro persoal de xestión				
Número de persoal de estrutura / xestión				
PERSOAL DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS				





Número de persoal de prestación de servizos				
Categorías do persoal de prestación de servizos				
Custe do persoal de prestación de servizos				
TÁBOA 3. CUSTES	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
CUSTES DE ESTRUCTURA / XESTIÓN				
Gastos de persoal				
Dietas e desprazamentos				
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				
Alugueros				
Mantemento (informático, seguridade local e limpeza)				
Seguros				
Subministrados (electricidade, gas, teléfono, etc.)				
Servizos externos (asesoría, prev.riscos, prot.datos, auditoría)				
Tributos				
Outros gastos (cotas anuais asociado)				
CUSTES DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS				
Gastos de persoal				
Dietas e desprazamentos				
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				
Alugueros				
Mantemento (informático, seguridade local e limpeza)				
Seguros				
Subministrados (electricidade, gas, teléfono, etc.)				
Servizos externos (asesoría, prev.riscos, prot.datos, auditoría)				
Tributos				
Outros gastos (intereses, amortizacións, etc.)				
Custo anual total				



ANEXO II

A) Área de atención as entidades: apoio, fortalecemento e promoción do movemento asociativo

1.-Representación, coordinación, información e asesoramento e xestión de infraestruturas.

2.- Xestión da Comunicación. No eido da comunicación, durante o 2021 poñeremos en marcha unha campaña de imaxe da Federación, centrándonos nalgúns dos principais Programas nos que estamos traballando, como o de muller, envellecemento, familias ou accesibilidade cognitiva .

3.- Apoio na implantación de sistemas de calidade. Busca da mellora continúa do sistema de xestión de calidade na busca de ofrecer ás entidades, familias, persoas con discapacidade, profesionais e persoal voluntario, servizos e programas de máis calidade. Impulso entre as entidades federadas da implantación de modelos de calidade entre eles o de “**calidade Plena**”-comprensivo de tres eixes-Calidade de Vida, Calidade de Xestión, e Ética, “**plans de persoas Plena inclusión**” – que orienten a planificación da xestión de recursos humanos de acordo coas prioridades e coa limitación de recursos, de tempo e de dispoñibilidade e “**Compliance Plena inclusión**” - modelo preventivo de cumprimento normativo específico para as entidades Plena inclusión. Para elo difundimos os modelos, asesoramos sobre os mesmo, ademais de crear espazos de participación que xeren intercambio de coñecemento. Información e apoios na implantación de sistemas de calidade como a ISO e protección de datos tanto na federación como nas entidades federadas, realizando auditorías internas entre e con asociacións federadas ou non nalgúns casos.

4.- Xestión da Formación. Para dar resposta ás necesidades formativas dos diferentes colectivos que integran as entidades, co fin de facilitar e potenciar, así como manter e desenvolver a cualificación de persoal directivo, profesionais e voluntariado, xa que sabemos que isto reverterá nunha mellora da xestión e polo tanto, promoverá a excelencia na prestación dos apoios as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias. Tamén se promoverán e xestionarán accións de formación para Persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e familias en coordinación coas áreas correspondentes. Así como xestión do Programa Formación



e Xestión do Coñecemento para a inclusión social dirixido a profesionais, familias e voluntariado.

5.- Promoción do Voluntariado. Promoción da labor do voluntariado con persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ofrecemos formación ao voluntariado para que poida exercer a súa acción voluntaria con máis garantías

B) Área de atención as familias

1.- Programa de Apoio Familiar e Persoal

Accións con familias que contribúan a cubrir as súas necesidades e a promover a súa dinamización e participación no movemento asociativo (Asesoría Xurídica, Encontros de Familiares, Grupos de Irmáns, formación, charlas e talleres, información e orientación, etc.).

Actividades de apoio ao programa difusión e divulgación do programa, reunións de coordinación, fondo documental.

2.- Programa de respiro familiar.

O obxectivo fundamental deste servizo é proporcionar ás familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento un descanso da atención continua ás mesmas. Durante o presente ano organizaremos e executaremos estancias programadas en instalacións comunitarias, nas que participarán unha media de 9 usuarios por estancia

C) Área de atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

1. Xestión do programa de saúde mental e envellecemento activo

Este programa busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento con alteracións da saúde mental e/ou idade avanzada e promover a implantación de apoios nas contornas de convivencia destas persoas.

Área I: Apoio as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e alteracións da saúde mental.

Esta área trata de apoiar ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e trastornos da saúde mental e/ou problemas de conduta promovendo o seu benestar persoal e familiar. Tamén trata de buscar e promover apoios e



oportunidades na contorna de cada persoa utilizando os recursos socio-sanitarios da súa comunidade.

Área II: Apoio ó envellecemento activo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Esta área ten como obxectivo promover o desenvolvemento de accións con persoas con discapacidade en proceso de envellecemento e as súas familias que contribúan a cubrir as súas necesidades e mellorar as programas de atención que reciben.

Actividades de apoio ó programa:

Esta área busca dar a coñecer as necesidades das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento con alteracións de saúde mental e/ou en proceso de envellecemento no movemento asociativo Plena inclusión e fora del.

Tamén busca contar con estratexias que orienten a boa práctica profesional para promover unha intervención de calidade, ética e especializada.

Trata de promover e asegurar a implantación de metodoloxías novidosas e innovadoras para o apoio as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, nas diferentes entidades do movemento Plena inclusión.

2.Xestión do programa Acceso á xustiza

Este programa céntrase na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento como vítimas do delito, en particular cando se trata de mulleres, a través de dous tipos de actividades diferenciados e aliñados co artigo 13 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.; así como mellorar o acceso a xustiza das mesmas.

Por unha banda, a sensibilización da poboación con especial incidencia en operadores xurídicos e policiais e, por outro lado, a difusión de un catálogo de axustes do procedemento que permitan poñer en valor as boas prácticas no ámbito da xustiza.

Para a realización do programa e a planificación das accións, contarase coa participación de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, como expertos por experiencia, das cales a metade serán mulleres con discapacidade intelectual, así como con axentes do entorno (xudicial ou policial).



3. Xestión do Programa Collendo impulso cara a inclusión social.

Con este programa poremos en marcha accións de apoio e orientación a persoas con discapacidade intelectual en situación ou risco de exclusión social que permitan mellorar a súa calidade de vida .

Obxectivos xerais:

- Coñecer, atender e dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade en risco de exclusión social ou en situacións de especial vulnerabilidade.
- Dar maior visibilidade as súas necesidades e demandas.

Obxectivos específicos:

- Atender ás necesidades básicas das persoas con discapacidade intelectual, cubrindo a provisión de recursos básicos, cobertura da necesidade de alimentos e hixiene, así como solucións residenciais temporais.
- Promover o proxecto de vida das persoas con discapacidade intelectual.
- Promover apoios na contorna utilizando as redes e os recursos comunitarios, co fin de conseguir unha correcta convivencia.
- Realizar acompañamentos para a realización de trámites administrativos ou outro tipo de documentación.
- Implicar ás familias co fin de obter a súa colaboración e o seu apoio nas intervencións cos profesionais.
- Colaborar e coordinar actuacións con entidades e servizos públicos de atención.

4. Xestión do Programa Rede para a educación inclusiva

Este programa pretende promover unha educación inclusiva a través da xeración de prototipos de prácticas transformadoras desenvolvidas en alianza entre 32 colexios de educación especial e 32 colexios ordinarios distribuídos por toda España.

Actualmente na CC.AA de Galicia vaise desenrolar o novo pilotaxe de Curriculum Multinivel. É unha metodoloxía que consiste en deseñar e planificar unidades didácticas en aulas heteroxéneas dende diferentes formas de presentación da información, empregando diferentes métodos de avaliación para incluír a todo o alumnado na



aprendizaxe. Este pilotaxe realizarase en tándem, é dicir, al menos nunha aula dun Centro Ordinario e nunha aula dun Centro de Educación Especial. Terá unha temporalización de dous anos.

5. Xestión do Programa de Vida independente e Asistencia Persoal

A meta deste programa é poñer en valor a figura do Asistente Persoal, que é unha ferramenta esencial para o logro do noso obxectivo de promover o dereito á Vida Independente, e o empoderamento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, tamén daquelas persoas con grandes necesidades de apoio.

6. Xestión do programa de investigación aplicada para a implementación de servizos centrados nas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias.

Este programa ten como obxectivo xeral promover servizos centrados nas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, tamén aquelas con grandes necesidades de apoio, mediante la implementación de prácticas baseadas na evidencia.

Tamén pretende:

- Implementar o modelo de Servizo Centrado na Persoa (inclusión social, a personalización e a cidadanía plena) promovendo e apoiando proxectos de transformación, así como a transferencia dos seus resultados.
- Desenvolver un sistema integral de análise de datos e de transferencia de prácticas de transformación a través dun entorno colaborativo e un panel de indicadores compartidos.
- Facilitar o intercambio de datos e a transferencia de prácticas de transformación efectivas contando con un panel de indicadores compartidos.
- Implementar o modelo de Asistencia Persoal mediante a realización de pilotaxes e posterior proceso de transferencia para a implementación deste novo rol profesional que é clave para o exercicio do dereito a vida Independente de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento ó igual que previr a desinstitucionalización.
- Implementar o modelo de Mi Casa mediante a realización de pilotaxes e posterior proceso de transferencia para xerar modelos de vivenda na comunidade para persoas,



especialmente para aquelas que teñen maiores necesidades de apoio e que xeralmente quedan excluídas dos modelos de vivenda inclusivos e máis personalizado.

- Implementar o modelo de Servizos de apoio na Comunidade mediante a realización de pilotaxes e posterior proceso de transferencia.
- Promover comunidades de aprendizaxes virtuais que posibiliten a transferencia do modelo de Atención Temperá, Boa Vellez, Apoio Activo, Apoio Condutual Positivo, Planificación Centrada na Persoa e na Familia.

7. Xestión do Programa de Apoio a Mulleres con Discapacidade intelectual ou do Desenvolvemento

O obxectivo xeral deste programa é fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, así como apoiar a aquelas mulleres que se encontren en situacións de risco ou exclusión social .

Como obxectivos específicos o programa recolle:

- Fomentar espazos de encontro de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento para favorecer o empoderamento e a autorrepresentación.
- Desenvolver accións de apoio e asesoramento ás mulleres con discapacidade intelectual e súa rede apoio.
- Accións de sensibilización e formación a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

8. Xestión do Programa de Cidadanía activa e Accesibilidade Cognitiva

O obxectivo principal, de cidadanía activa é que as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, logren a cidadanía plena, considerando como unha das prioridades a accesibilidade cognitiva do seu entorno:

- Promovendo a súa participación real nas entidades de Plena inclusión e no seu propio proxecto de vida.
- A súa inclusión na comunidade en igualdade de oportunidades.
- O exercicio dos seus dereitos e a reivindicación dos mesmos, por parte de todos os grupos de interese de Plena inclusión.



Abrangue 7 áreas de traballo:

Área I: Actividades relacionadas coa defensa e a protección de dereitos.

Área II: Actividades para a capacitación en Autodeterminación.

Área III: Fortalecemento da autoxestión nas persoas con discapacidade intelectual e/ou desenvolvemento (Grupos de Autoxestores)

Área IV: Actividades de apoio ao voto e a participación pública.

Área V: Actividades para á promoción da vida independente.

Área VI: Actividades de mellora da accesibilidade cognitiva

Área VII: Actividades de apoio ao programa.

9. Xestión do Programa de Sensibilización e liderado para a inclusión

O obxectivo xeral deste programa é sensibilizar a poboación xeral sobre as situacións de especial discriminación ás que se enfrontan as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e a necesidade de empoderalas. Este ano será o do “poder das persoas”, o grupo de líderes traballará para reclamar mais participación no movemento asociativo das persoas con discapacidade intelectual.

10. Xestión do Programa de Atención Integral a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento reclusas, ex reclusas e que cumpren medidas alternativas.

Este programa vai dirixido a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que se atopan baixo o réxime penal penitenciario, en situación reclusa, cumprindo ou ben a espera de cumprir diferentes medidas así como para persoas en situación de exclusión. Tamén se dirixe a persoas que manifestan conductas antisociais ou en situación de risco social para prestar apoios e formación de cara a fomentar a prevención.

O obxectivo xeral deste programa é mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento reclusas, ex. reclusas, sometidas a medidas alternativas ou ben que se atopan en procedementos xudiciais favorecendo os seus procesos de rehabilitación, reinserción e inclusión social.



Os obxectivos específicos que se pretende acadar son:

- Promover accións de sensibilización e capacitación para persoas con discapacidade que se atopen en situacións de risco.
- Apoiar ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais, e promovendo axustes de procedemento que favorezan cumprimentos penais axeitados ás súas circunstancias e necesidades de apoio.
- Sensibilizar e formar aos diferentes operadores xurídicos, policiais e outros grupos de interese no dereito de acceso á xustiza das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.
- Asesorar, sensibilizar e colaborar cos traballadores/as das institucións penitenciarias e outros recursos de cumprimento de penas e medidas en estratexias de apoio ás persoas con discapacidade.
- Apoiar as persoas con discapacidade nos procesos de adaptación e convivencia nos ámbitos penitenciarios e outros lugares de cumprimento, así como nos seus procesos de rehabilitación.
- Apoiar a persoas con discapacidade nos procesos de reinserción para promover as mellores condicións para o seu retorno á vida na comunidade.
- Apoiar a persoas con discapacidade que estean en liberdade definitiva favorecendo procesos de inclusión social.

11.Xestión do Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión

Este programa está dirixido a persoas con discapacidade intelectual maiores de 16 anos e cun grao de discapacidade superior ao 33%, independentemente de ser socio ou non dunha entidade.

O obxectivo principal do Programa é facilitar a vida independente e facilitar a máxima integración persoal e social das persoas con discapacidade, mediante a realización de quendas de vacacións nas condicións de maior accesibilidade, facilitando o acceso das persoas aos bens de ocio, da cultura e da natureza, así como o descanso das familias que teñen ao seu cargo persoas con discapacidade.

